



Boletín Oficial

Provincia de Ourense



N.º 13 · Martes, 18 xaneiro 2011

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

SUMARIO

II. ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO	
Subdelegación do Goberno	
Ourense	
Notificación de requirimento en relación co expediente 2010/1474 a Abdelilah Ayadi	2
Tesourería Xeral da Seguridade Social	
Dirección Provincial de Ourense	
Citación para notificación a Daniel Corral Rasero, nos autos n.º 354/2010-D.....	2
Dirección Xeral da Inspección de Traballo e Seguridade Social	
Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social de Ourense	
Notificación de resolución de recurso de alzada a Evaristo Lourenco Rodríguez Salgado	2
III. COMUNIDADE AUTÓNOMA	
Consellería de Traballo e Benestar	
Departamento Territorial de Ourense	
Convenio colectivo de fabricantes de mobles, carpintería, tapicería e ebanistería de Ourense para os anos 2010-2011, código de convenio n.º 32000155011981.....	3
Acta do Convenio colectivo do sector da construción de Ourense na que se acorda o calendario laboral e os días inhábiles para o ano 2011	19
IV. ENTIDADES LOCAIS	
Melón	
Exposición pública do expediente de investigación da titularidade dos bens: parcelas rústicas 898 e 820, no polígono 40	21
Ourense	
Notificación de caducidade de inscrición e baixa no padrón de habitantes a Antonio Manuel Dasilva Rafael Ferreira e a outros	21
Notificación de caducidade de inscrición e baixa no padrón de habitantes a Agostinha Conceição Figueira Capaleve e a outros	22
Punxín	
Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal n.º 11 reguladora da taxa polo servizo de subministración de auga e dereitos de enganche á rede	22
San Amaro	
Delegación temporal das funcións da Alcaldía	23
Sarreaus	
Convocatoria para a elección de xuíz de paz titular de Sarreaus	24
II. ADMINISTRACIÓN GENERAL DEL ESTADO	
Subdelegación del Gobierno	
Ourense	
Notificación de requirimento en relación con el expediente 2010/1474 a Abdelilah Ayadi.....	2
Tesorería General de la Seguridad Social	
Dirección Provincial de Ourense	
Citación para notificación a Daniel Corral Rasero, en los autos n.º 354/2010-D	2
Dirección General de la Inspección de Trabajo y Seguridad Social	
Inspección Provincial de Trabajo y Seguridad Social de Ourense	
Notificación de resolución de recurso de alzada a Evaristo Lourenco Rodríguez Salgado.....	3
III. COMUNIDAD AUTÓNOMA	
Consellería de Trabajo y Bienestar	
Departamento Territorial de Ourense	
Convenio colectivo de fabricantes de muebles, carpintería, tapicería y ebanistería de Ourense para los años 2010-2011, código de convenio n.º 32000155011981	11
Acta del Convenio colectivo del sector de la construcción de Ourense en la que se acuerda el calendario laboral y los días inhábiles para el año 2011	20
IV. ENTIDADES LOCALES	
Melón	
Exposición pública del expediente de investigación de la titularidad de los bienes: parcelas rústicas 898 y 820, en el polígono 40	21
Ourense	
Notificación de caducidad de inscripción y baja en el padrón de habitantes a Antonio Manuel Dasilva Rafael Ferreira y a otros.....	21
Notificación de caducidad de inscripción y baja en el padrón de habitantes a Agostinha Conceição Figueira Capaleve y a otros.....	22
Punxín	
Aprobación definitiva de la modificación de la Ordenanza fiscal n.º 11 reguladora de la tasa por el servicio de suministro de agua y derechos de enganche a la red.....	23
San Amaro	
Delegación temporal de las funciones de la Alcaldía.....	23
Sarreaus	
Convocatoria para la elección de juez de paz titular de Sarreaus.....	24



II. ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO

II. ADMINISTRACIÓN GENERAL DEL ESTADO

Subdelegación do Goberno

Dependencia de Traballo e Inmigración

Ourense

Edicto

De conformidade co disposto no artigo 59 e 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, publícase a notificación do requirimento efectuado por este organismo con data 01/12/2010, en relación co expediente que a continuación se relaciona, xa que intentada a notificación persoal no seu último domicilio coñecido, esta non se lle puido practicar.

O dito requirimento, xunto co seu expediente, obran na Oficina de Extranxeiros deste centro, onde poderá examina-lo texto íntegro, dispoñendo dun prazo de 10 días para o seu cumprimento, e fáiselle saber que de non cumprilo requirido, poderíase ter por desistido na súa petición, resolvendo esta en consecuencia. O referido prazo contarase a partir do día seguinte ó da súa publicación.

Nome e apelidos; domicilio; expediente.

Abdelilah Ayadi; rúa das Guindas, n.º 1, 1º A, 32002, Ourense; 2010/1474.

Ourense, 28 de decembro de 2010. A xefa da oficina.

Asdo.: María Paz Diéguez Belmonte.

Subdelegación del Gobierno

Oficina de Extranjeros

Ourense

Edicto

De conformidad con lo dispuesto en el artículo 59 y 61 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, del régimen jurídico de las administraciones públicas y del procedimiento administrativo común, modificada por la Ley 4/1999, de 13 de enero, se hace pública la notificación del requerimiento efectuado por este organismo con fecha 01/12/2010, en relación con el expediente que a continuación se relaciona, ya que intentada la notificación personal en su último domicilio conocido, ésta no se pudo practicar.

Dicho requerimiento, junto con su expediente, obra en la Oficina de Extranjeros de este centro, donde podrá examinar el texto íntegro, disponiendo de un plazo de 10 días para su cumplimiento, haciéndole saber que de no cumplimentar lo requerido se le tendrá por desistido de su petición, resolviéndose ésta en consecuencia. El referido plazo se contará a partir de día siguiente al de su publicación.

Nombre y apellidos; domicilio; expediente.

Abdelilah Ayadi; calle de As Guindas, n.º 1, 1º A, 32002, Ourense; 2010/1474.

Ourense, 28 de diciembre de 2010. La jefa de la oficina.

Fdo.: María Paz Diéguez Belmonte.

R. 40

Tesourería Xeral da Seguridade Social

Dirección Provincial

Ourense

Anuncio de citación para notificación

Unidade de Impugnacións

Ó resultaren infrutuosos os intentos de notificación persoal do acto que máis adiante se cita, ó interesado que se relaciona a continuación, procédese conforme co establecido nos artigos 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, á publicación deste anuncio no BOP, co obxecto de ter por realizada oportunamente, para os efectos legais, a notificación deste emprazamento.

NIF/CCC/NAF; apelidos e nome/razón social; último domicilio.

081084376204; Corral Rasero, Daniel; r/ Jaume Huguet, 15 08950 Esplugues de Llobregat.

Acto que se notifica: escrito de emprazamento como posible interesado, co obxecto de que poida presentarse como demandado, se o estimase oportuno, no prazo de 9 días nos autos n.º 354/2010-D seguidos a pedimento de Jorge Frutos García ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 2 de Ourense.

O xefe da Unidade de Impugnacións. Asdo.: Manuel Antonio Crespo Pérez.

Tesorería General de la Seguridad Social

Dirección Provincial

Ourense

Anuncio de citación para notificación

Unidad de Impugnaciones

Al resultar infructuosos los intentos de notificación personal del acto que más adelante se cita, al interesado que se relacionan a continuación, se procede conforme a lo establecido en el artículo 59.5 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, a la publicación de este anuncio en el BOP, al objeto de entender realizada oportunamente, a los efectos legales, la notificación de este emplazamiento.

NIF/CCC/NAF; apellidos y nombre/razón social; último domicilio.

081084376204; Corral Rasero, Daniel; c/ Jaume Huguet, 15 08950 Esplugues de Llobregat.

Acto que se notifica: escrito de emplazamiento como posible interesado, al objeto de que pueda presentarse como demandado, si lo estimase oportuno, en el plazo de 9 días en los autos n.º 354/2010-D seguidos a instancia de Jorge Frutos García ante el Juzgado de lo Contencioso-Administrativo n.º 2 de Ourense.

El jefe de la Unidad de Impugnaciones. Fdo.: Manuel Antonio Crespo Pérez.

R. 77

Dirección Xeral da Inspección Provincial

de Traballo e Seguridade Social

Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social

Ourense

Edicto

Dona Pilar Sánchez-Cuervo Peña, xefa da Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social de Ourense, unha vez esgotado



sen resultado o trámite usual de notificacións dos previstos no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, (BOE de 27.11.1992), de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e utilizando o procedemento previsto no número 4 do citado artigo 59, comunícaselles ós interesados abaixo relacionados que a Dirección Xeral de Traballo, do Ministerio de Traballo e Inmigración, acordou desestimar los recursos de alzada interpostos contra as resolucións desta inspección provincial recaídas nos respectivos expedientes. A recadación das sancións levarase a cabo pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social segundo o procedemento establecido no Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social (RD 1415/2004, do 11 de xuño, BOE do 25).

Así mesmo, notifícaselles que estas resolucións esgotan a vía administrativa, e que poderán, no entanto, se o desexan, interpor no prazo de dous meses recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, ou da circunscrición na que teña o seu domicilio o demandante, a elección deste, de conformidade, todo iso, co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa e na Lei orgánica 6/1998, do 13 de xullo.

1.- Suceso responsable. 2.- Último domicilio coñecido. 3.- N.º da acta. 4.- N.º do expediente. 5.- Motivo da sanción. 6.- Sanción imposta. 7.- Data de resolución do recurso de alzada.

1.- Evaristo Lourenco Rodrigues Salgado; 2.- rúa Beato Sebastián Aparicio, núm. 3 baixo, Ourense; 3.- I322009000037109; 4.- 145/2009-S; 5.- Infracción en materia de Seguridade Social; 6.- Seis mil douscentos cincuenta e un euros (6.251,00 €); 7.- 02.12.2010.

Dirección General de la Inspección Provincial de Trabajo y Seguridad Social
Inspección Provincial de Trabajo y Seguridad Social
Ourense

Edicto

Doña Pilar Sánchez-Cuervo Peña, jefa de la Inspección Provincial de Trabajo y Seguridad Social de Ourense, una vez agotado sin resultado el trámite usual de notificaciones de los previstos en el artículo 59 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre (BOE de 27.11.1992), de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, y utilizando el procedimiento previsto en el número 4 del citado artículo 59, les comunica a los interesados abajo relacionados que por la Dirección General de Trabajo, del Ministerio de Trabajo e Inmigración, se acordó desestimar los recursos de alzada interpuestos contra las resoluciones de esta inspección provincial recaídas en los respectivos expedientes. La recaudación de las sanciones se llevará a cabo por la Tesorería General de la Seguridad Social según el procedimiento establecido en el Reglamento General de Recaudación de la Seguridad Social (RD 1415/2004, de 11 de junio, BOE del 25).

Asimismo, se les notifica que estas resoluciones agotan la vía administrativa, e que podrán, no obstante, si lo desean, interponer en el plazo de dos meses recurso contencioso-administrativo ante el Juzgado de lo Contencioso-Administrativo de Ourense, o de la circunscrición en que tenga su domicilio el demandante, a elección de éste, de conformidad, todo ello, con lo establecido en la Ley 29/1998, de 13 de julio, Reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa y en la Ley orgánica 6/1998, de 13 de julio.

1.- Sujeto responsable; 2.- Último domicilio conocido; 3.- N.º del acta; 4.- N.º del expediente; 5.- Motivo de la sanción; 6.- Sanción impuesta; 7.- Fecha de la resolución del recurso de alzada.

1.- Evaristo Lourenco Rodrigues Salgado; 2.- calle Beato Sebastián Aparicio, núm. 3 baixo, Ourense; 3.- I322009000037109; 4.- 145/2009-S; 5.- Infracción en materia de Seguridade Social; 6.- Seis mil douscentos cincuenta e un euros (6.251,00 €); 7.- 02.12.2010.

R. 23

III. COMUNIDADE AUTÓNOMA

III. COMUNIDAD AUTÓNOMA

Consellería de Traballo e Benestar
Departamento Territorial
Ourense

Convenio: Fabricantes de mobles carpintería e ebanistería
Expediente: 32/01/0001/2010

Data: 28/12/2010

Asunto: Resolución de inscripción e publicación

Destinatario: Francisco Rodríguez García

Unha vez visto o texto do Convenio colectivo de fabricantes de mobles, carpintería, tapicería e ebanistería de Ourense para os anos 2010-2011 (código de convenio n.º 32000185011982 antes 3200185) suscrito, o día 15 de novembro de 2010, dunha parte, en representación da parte económica, polos/as designados/as pola Asociación de Carpintería, Tapicería y Ebanistería de Ourense e, doutra, en representación dos/as traballadores/as do sector, polos/as representantes designados/as polos/as centrais sindicais, Unión Xeral de Traballadores (UXT) e Comisiones Obreiras (CCOO) e, de conformidade co disposto no artigo 90 do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo e as demais normas aplicables do dereito común, este departamento territorial acorda:

Primeiro.- Ordena-lo seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro de 2010 (DOG n.º 222, do 18 de novembro de 2010) e notificación ás representacións empresarial e social da comisión negociadora.

Segundo.- Dispoñe-la súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Ourense, 28 de decembro de 2010. O xefe territorial da Consellería de Traballo e Benestar en Ourense.

Asdo.: José Selas Souto.

Convenio colectivo de fabricantes de mobles, carpintería, tapicería e ebanistería de Ourense 2010-2011

Artigo 1.

De conformidade co Estatuto dos traballadores, este convenio afectará a tódolos traballadores do sector de fabricantes de mobles, carpintería, tapicería e ebanistería non excluídos expresamente por este e dentro do ámbito das empresas radicadas en Ourense e provincia, ou que no futuro se establezan, dedicadas á ebanistería, carpintería e tapicería.



Quedan excluídos deste convenio o persoal de alta dirección ou alto consello e os socios de empresas que revistan a forma xurídica de sociedade.

Artigo 2.- Ámbito temporal.

Este convenio terá vixencia por dous anos, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2010 e finalizará o 31 de decembro de 2011, aínda que, os seus efectos económicos se retrotraerán ó 1 de xaneiro de 2010, mantendo a súa vixencia, mentres non se negocie outro que o substitúa. O convenio denunciarase con tres meses de antelación á finalización da vixencia. A forma de denuncia será por medio de comunicación dunha parte á outra, na que se fará constar a pretensión de denuncia-lo convenio, a representación que ten para negociar, así como as materias que se negociarán.

Artigo 3.- Compensación e absorción.

As melloras resultantes deste convenio serán absorbidas ata onde chegue o cómputo anual con aquelas outras condicións que se puidesen establecer por disposición legal, excepto cando expresamente se pacte o contrario.

Artigo 4.- Xornada laboral.

A duración da xornada anual de traballo efectivo neste convenio colectivo será no ano 2010 de 1.752 horas. A devandita xornada considerárase de traballo efectivo e desenvolverase de luns a venres.

Co fin de axustar-lo calendario laboral do 2010, correspóndenlles ós traballadores 9 días libres; se non os gozaron ó longo do ano, corresponderánlles como libres os últimos nove días laborais do ano. Se xa gozasen de parte deles, os días que lle resten ata completar os 9, restaranse contando dende o 31 de decembro. En ningún caso estes días poderán coincidir coas vacacións.

En 2011, para axustar-la xornada anual correspóndenlles ós traballadores 8 días libres, que serán: 7 de marzo, 18, 19 e 20 de abril, 16 de maio, 5, 7 e 9 de decembro. Estes poderán ser substituídos por outros, logo do acordo entre empresa e traballador.

Artigo 5.- Vacacións.

O tempo anual de vacacións será de 21 días laborables e, en calquera caso, nunca menos de 30 días naturais a salario real ou a parte proporcional que corresponda no caso de non levar traballando o ano requirido para o goce íntegro deste dereito.

O total de días anuais de vacacións repartiranse con carácter xeral da seguinte forma: 15 días seguidos para gozar no verán, o resto para gozar de acordo entre o traballador e a empresa, atendendo de forma prioritaria ás necesidades de produción.

A data das vacacións deberá facerse pública cun mínimo de dous meses.

A retribución que se percibirá por vacacións comprenderá a media da totalidade das retribucións salariais durante o trimestre natural inmediatamente anterior á data de goce das vacacións, fóra das horas extraordinarias e as gratificacións extraordinarias.

Os traballadores que cesen durante o transcurso do ano terán dereito a que, na liquidación que se lles practique no momento da baixa na empresa, se lles íntegre o importe da remuneración correspondente á parte de vacacións xeradas e non gozadas.

Pola contra, e nos cesamentos de carácter voluntario, se o traballador gozase das súas vacacións, a empresa poderá deducir da liquidación que se lle practique os días gozados en exceso, en función do tempo de prestación da actividade laboral efectiva durante o ano.

Para os efectos do aboamento de vacacións, considerárase como tempo efectivamente traballado o correspondente á situación de incapacidade temporal, sexa cal fose a causa. Non obstante, dado que o dereito ó goce das vacacións caduca co

transcurso do ano natural, perderase se ó vencemento deste o traballador continuase de baixa, aínda que manterá o dereito a percibir-la diferenza entre a retribución das vacacións e a prestación de incapacidade temporal, de ser aquela de superior contía. O mesmo criterio aplicarase para os supostos de cesamento por finalización de contrato.

No caso de baixa por accidente laboral, os traballadores afectados por este convenio terán dereito a pospo-las súas vacacións, sinalándose un novo período que se fixará de común acordo entre a empresa e o traballador afectado.

Conceptos retributivos

Artigo 6.- Salario.

A táboa retributiva para o 2010, é o resultado de aplicar-lo 1,3% á táboa salarial de 2009. Nas cantidades que figuran como salario base, xa está incluído o rateo da paga de marzo.

No caso de que o IPC superase o 1,2% a 31 de decembro de 2010, o exceso aboarase nunha soa paga no mes de febreiro do ano seguinte.

2011: con data de efectos de 1 de xaneiro e logo de efectuar-la anterior operación, revisaranse os salarios incrementándose no 1,3%. Unha vez finalizado o 2011, e unha vez coñecido o IPC real, procederase a actualizar-las táboas con efectos do 1 de xaneiro de 2011.

Artigo 7.- Antigüidade.

A partir do 30 de setembro de 1996, non se aboarán por este concepto novos dereitos, quedando, polo tanto, suprimido.

Non obstante, os traballadores que tivesen xerados ou xerases antes do 30 de setembro de 1996 novos dereitos e contías en concepto de antigüidade, manterán a cantidade consolidada na devandita data. A devandita contía quedará reflectida na nómina de cada traballador como complemento persoal, baixo o concepto de "antigüidade consolidada" e non será absorbible nin compensable.

Para compensar-la perda económica que supón a desaparición deste concepto, calcularase o equivalente a 8 anos (isto é segundo o criterio da antiga ordenanza laboral, 1 quinquenio máis tres quintas partes doutro quinquenio) das bases e porcentaxes de concepto de antigüidade de cada convenio de ámbito inferior e presente ou, no seu lugar, das porcentaxes da ordenanza laboral.

A contía resultante dividirase entre cinco. A cantidade resultante de efectuar-la operación anterior será a que se engadirá ó importe anual do salario base durante os cinco primeiros anos.

Artigo 8.- Gratificacións extraordinarias.

As gratificacións extraordinarias de Nadal e xullo serán de 30 días de salario base máis antigüidade. Considéranse gratificacións extraordinarias os complementos salariais de vencemento periódico superior ó mes.

Establécense dous gratificacións extraordinarias coa denominación de paga de verán e de paga de Nadal, que serán aboadas, respectivamente, antes do 30 de xuño e do 20 de decembro, e que se aboarán por semestres naturais e por cada día natural no que se aboase o salario base.

- Paga de verán: do 1 de xaneiro ó 30 de xuño.

- Paga de Nadal: do 1 de xullo ó 31 de decembro.

A contía dos devanditos complementos será a que se especifica para cada un dos grupos ou niveis nas táboas deste convenio, incrementada coa antigüidade que corresponda. Ó persoal que ingrese ou cese na empresa faráselle efectiva a parte proporcional das gratificacións extraordinarias de acordo cos criterios anteriores, no momento de realizar-la liquidación dos seus haberes.

**Artigo 9.- Indemnización por desgaste de ferramentas.**

Establécese unha indemnización por desgaste de ferramentas para aqueles traballadores ós que non lles sexa facilitada pola empresa, consistente en 0,23 euros por día efectivo de traballo, para o oficial e de 0,12 euros, para o axudante. A empresa determinará os casos de achega de ferramentas polo traballador.

Artigo 10.- Permisos e licenzas.

Establécese un permiso retribuído nos casos que se indican e polo tempo que se sinala:

- Falecemento de pais, avós, fillos, netos, cónxuxe, irmáns e sogros: 3 días naturais, ampliables ata 5 naturais no caso de desprazamento superior a 150 km.

- Enfermidade grave de pais, sogros, fillos, netos, cónxuxe, irmáns e avós: 3 días naturais, ampliables ata 5 naturais no caso de desprazamento superior a 150 km.

- No caso de hospitalización de parentes ata o 2º grao de consanguinidade e afinidade, os traballadores terán dereito a 2 días naturais. Cando por tal motivo o traballador necesite facer un desprazamento para o efecto, o prazo será de 4 días.

- Por falecemento de tíos e sobriños: 1 día natural.

- Falecemento de noras, xenros, cuñados e avós políticos: 2 días naturais, ampliables ata 4 días naturais en caso de desprazamento superior a 150 km.

- Enfermidade grave de noras, xenros, cuñados e avós políticos: 2 días naturais, ampliables ata 4 naturais no caso de desprazamento superior a 150 km.

- Nacemento de fillo ou adopción: 3 días naturais, ampliables a 5 naturais no caso de desprazamento superior a 150 km.

- Matrimonio do traballador: 15 días naturais.

- Cambiar de domicilio habitual: 1 día laborable.

- Deber inescusable de carácter público e persoal: o indispensable ou o que marque a norma.

- As traballadoras, por lactación dun fillo ou filla menor de 12 meses, terán dereito a unha hora de ausencia do traballo, que poderán dividir en dúas fraccións de media hora cada unha ó principio e ó final da xornada. A muller, pola súa vontade, poderá substituír este dereito pola acumulación das horas de lactación en xornadas completas, que serán sumadas á baixa de maternidade.

- Traslado: (artigo 40 ET): 3 días laborables.

- Matrimonio de fillos: 1 día natural.

- Funcións sindicais ou de representación de traballadores: o establecido na norma.

- Tempo necesario para acudir ó médico, presentando o xustificante correspondente.

Para o que non estea previsto neste artigo haberá que aterse ó disposto na Lei 39/1999, do 5 de novembro, para promover a conciliación da vida laboral e familiar.

Artigo 11.- Roupas de traballo.

A empresa entregará a tódolos traballadores as pezas de roupa de seguridade que procedan, adaptadas ós distintos postos de traballo. A roupa de traballo e as pezas de seguridade reporanse sempre que sexa necesario, cando o seu grao de deterioración non sexa imputable á negligencia por parte do traballador. Esta roupa será sempre propiedade da empresa e o traballador estará obrigado á súa boa conservación e emprego. En calquera caso os traballadores terán dereito a percibir dúas fundas de traballo ó ano.

Artigo 12.- Axudas de custo.

As axudas de custo son un concepto de paga extrasalarial de natureza indemnizatoria ou compensatoria e de carácter irregular, que teñen como finalidade o resarcimento ou compensación dos gastos de manutención e aloxamento do traballador, ocasionados como consecuencia da situación de desprazamento.

O traballador percibirá axuda de custo completa cando, como consecuencia do desprazamento, non poida pasa-la noite na súa residencia habitual. Aboarase sempre por día natural.

Aboarase media axuda de custo cando, como consecuencia do desprazamento, o traballador afectado teña necesidade de realiza-la comida fóra da súa residencia habitual e non lle fose fornecida pola empresa, e poida pasa-la noite na citada residencia. A media axuda de custo aboarase por día efectivo de traballo.

As axudas de custos ou medias axudas de custos percibiranse sempre con independencia da retribución do traballador. O persoal afectado por este convenio seranlle aboados, no caso de desprazamento fóra do seu centro de traballo habitual, os gastos ocasionados e debidamente xustificadas.

Artigo 13.- Retribución de menores.

O contrato de formación que realicen as empresas comprendidas dentro do ámbito funcional deste convenio, terá por obxecto a formación práctica e teórica do traballador contratado. O devandito traballador non deberá ter ningún tipo de titulación, xa sexa superior, media, académica ou profesional relacionada co posto de traballo que vaia desempeñar. O contido do contrato, do mesmo xeito que as súas posibles prórrogas, deberá formalizarse por escrito, e figurará nel de modo claro, a actividade ou profesión obxecto do contrato de formación.

En ningún caso se poderá realizar este tipo de contratos naquelas actividades nas que concurran circunstancias de tipo tóxicas, penosas, perigosas ou nocturnas. Tamén estará prohibida a realización de horas extraordinarias.

Este contrato pódese realizar con traballadores maiores de 16 anos e menores de 21.

1. A duración máxima será de 3 anos, xa sexan alternos ou continuados, cunha ou varias empresas dentro do ámbito funcional do sector deste convenio.

2. Non se poderán realizar contratos de duración inferior a 6 meses, podendo prorrogarse ata tres veces por períodos, como mínimo, de 6 meses.

3. Este tipo de contrato realizarase a tempo completo. O 15% do total da xornada dedicarase a formación teórica. Concretarase no contrato as horas e días dedicados á formación. Así mesmo, especificarase o centro formativo, de se-lo caso, encargado do ensino teórico.

O ensino teórico, se é posible, deberá ser previo á formación práctica ou alternarse con esta de forma racional.

No contrato deberá figura-lo nome e a categoría profesional do titor ou monitor encargado da formación práctica. O titor deberá velar pola adecuada formación do aprendiz, así como de tódolos riscos profesionais.

O traballo efectivo que preste o traballador na empresa deberá estar relacionado coa especialidade ou obxecto do contrato.

O salario que percibirá o aprendiz será o 85%, e 95%, e 100% do salario do axudante ou categoría equivalente deste convenio, durante o primeiro, segundo e terceiro ano do contrato, respectivamente.

No caso de cesamento na empresa, entregaráselle ó traballador un certificado referente á formación teórica e práctica adquirida, no que constará a duración desta.

Artigo 14.- Vinculación á totalidade.

No caso de que a autoridade laboral competente non autorice algún dos preceptos deste convenio, este quedará sen efecto, debendo considerarse o seu contido total.

Artigo 15.- Póliza de seguros.

As empresas deberán ter unha póliza de seguros para a cobertura de riscos de morte e incapacidade para a profesión habitual, incapacidade para todo tipo de traballo dos traballadores



por accidente laboral incluído o “in itinere”, que lle garanta ó traballador accidentado ou ós seus beneficiarios en caso de morte e incapacidade para todo tipo de traballo as cantidades que se indican, coas exclusións previstas na normativa legal vixente as seguintes indemnizacións, quedando excluídos da obrigación de aseguranza nos supostos previstos como exclusións xerais deste tipo de pólizas:

- 21.035,42 euros en caso de morte.
- 24.040,48 euros en caso de incapacidade permanente total para a profesión habitual.
- 27.045,54 euros en caso de incapacidade para todo tipo de traballo.

A empresa deberá concertar este seguro no prazo máximo de 3 meses contado desde a contratación dun novo traballador.

Esta compensación é compatible coa pensión ou indemnización que poida causa-lo traballador na Seguridade Social ou Montepío. Non obstante, as indemnizacións ás que se fai mención neste artigo non se considerarán como entrega a conta da indemnización que, de se-lo caso, puidesen declarar con cargo ás empresas os tribunais de xustiza, unha vez que exista sentenza definitiva, sobresemento ou renuncia de accións.

Artigo 16.- Situacións de incapacidade laboral.

Tódolos traballadores afectados por este convenio, en caso de accidente laboral ou enfermidade profesional, con ou sen hospitalización, percibirán polo período de IT a cargo da empresa o 100% do salario durante o tempo que permaneza nesta situación. Para os supostos de enfermidade común e enfermidade profesional, percibirán en caso de IT a cargo da empresa o 100% do salario dende o día 20 ó 60, ámbolos dous inclusive.

Artigo 17.- Comisión Paritaria.

Constitúese unha comisión mixta paritaria para a interpretación deste convenio, constituída polos membros asinantes deste convenio.

Artigo 18.- Dereito supletorio.

No non previsto, será aplicable o Estatuto dos traballadores e o III Convenio estatal da madeira, (BOE 07-12-2007) asinado por UXT, CC OO e Confemadera, como dereito de directa aplicación para todas aquelas cuestións non recollidas neste convenio e que afectan ós traballadores neste ámbito territorial.

Artigo 19.- Sistema de contratación.

Os traballadores que asinen un contrato de traballo, recibirán da empresa unha copia no prazo máximo de 10 días logo de rexistralo na oficina do INEM.

Artigo 20.- Indemnización ó termo da contratación temporal.

De conformidade co establecido no artigo 15.1.b do Estatuto dos traballadores, o contrato por circunstancias de mercado, acumulación de tarefas e exceso de pedidos, poderá realizarse cunha duración mínima de seis meses e un máximo de doce meses nun período de 18 meses. O seu réxime xurídico será equivalente ó do contrato por tempo indefinido en canto a goce dos beneficios salariais, complementos, etc.

Para a súa extinción esíxese aviso previo por escrito polo menos, 15 días antes. Ó termo do contrato, se tivo unha duración igual ou inferior a catro meses, a empresa aboará unha indemnización de 15 días de salario por ano de servizo. Se a duración foi superior a catro meses, a empresa deberá aboar unha indemnización de 20 días por ano.

Enténdese que esta indemnización corresponde por finalización das prórrogas, xa que no caso de producirse a extinción por causa non imputable ó traballador, este terá dereito a percibi-la indemnización que legalmente lle corresponda por despedimento.

No suposto de non producirse a extinción cando finalice o tempo máximo de duración dun ano, se o traballador segue

prestando os seus servizos á empresa, o contrato transfórmase en indefinido, e non procederá o pago das referidas cantidades.

Artigo 21.- Clasificación profesional.

Este capítulo sobre clasificación profesional estableceuse fundamentalmente atendendo ós criterios que o artigo 22 do Estatuto dos traballadores fixa para a existencia do grupo profesional, é dicir, aptitudes profesionais, titulación e contido da prestación, incluíndo cada grupo diversas funcións e especialidades profesionais.

Dado que se pretende substituí-los sistemas de clasificación baseados en categorías profesionais, estes terán en conta unha referencia nos grupos profesionais.

A clasificación realizarase en divisións funcionais e grupos profesionais, por interpretación e aplicación de criterios xerais obxectivos e para as tarefas e funcións básicas máis representativas que desenvolvan os traballadores/as.

En caso de concurrencia nun posto de traballo de tarefas básicas correspondentes a diferentes grupos profesionais, a clasificación realizarase en función das actividades propias do grupo profesional superior. Este criterio de clasificación non suporá que se exclúa nos postos de traballo de cada grupo profesional a realización de tarefas complementarias que son básicas para postos de traballo clasificados en grupos profesionais inferiores. O encadramento nun determinado grupo profesional levarase a efecto polas funcións realmente realizadas polo traballador, con independencia da denominación do posto ou da titulación do traballador.

Se como consecuencia da aplicación do novo sistema de clasificación profesional, se tivese que asignar un traballador a un grupo profesional inferior ó nivel ou categoría que tiña recoñecida, respectarase a permanencia no grupo con correspondencia no nivel ou categoría anterior que ostentaba e iso co carácter de condición persoal máis beneficiosa.

Tódolos traballadores/as afectados por este acordo serán adscritos a unha determinada división funcional e a un grupo profesional. Ámbalas circunstancias definirán a súa posición no esquema organizativo de cada empresa.

As categorías vixentes no momento da sinatura deste acordo que a título orientativo se mencionan en cada un dos grupos profesionais, clasifícanse en tres divisións funcionais definidas nos termos seguintes:

- Técnicos: é o persoal con alto grao de cualificación, experiencia e aptitudes equivalentes ás que se poden adquirir con titulacións superiores e medias; realizarán tarefas de elevada cualificación e complexidade.

- Empregados: é o persoal que cos seus coñecementos e/ou experiencia realiza tarefas administrativas, comerciais, organizativas, informática, de laboratorio e en xeral, as especificacións de postos de traballo de oficina, que permiten informar da xestión da actividade económica contable, coordinar tarefas produtivas, construtivas ou realizar tarefas auxiliares que comporten atención ás persoas.

- Operarios: é o persoal que polos seus coñecementos e/ou experiencia executa operacións relacionadas coa produción ou construción, ben actuando directamente no proceso produtivo ou en tarefas de mantemento, transporte e ou tras operacións auxiliares, podendo realizar á vez funcións de supervisión ou coordinación.

Os factores que inflúen na clasificación profesional dos traballadores/as incluídas no ámbito deste acordo e que, xa que logo, indican a pertenza de cada un deles a un determinado grupo profesional, todo iso segundo os criterios determinados polo artigo 22 do Estatuto dos traballadores son os que definen neste apartado. Así mesmo, haberá que ter en conta no

momento de cualifica-lo posto de traballo, as dimensións da unidade produtiva onde se desenvolva a función xa que pode influír na valoración de todos ou algúns dos factores.

Clasificación profesional

A continuación reproducíase a definición dos grupos profesionais que son de aplicación ó convenio de Ourense tendo en conta a clasificación profesional existente ata a data. No non disposto será de aplicación a clasificación profesional do sector da madeira (BOE 24 de marzo de 2007).

Grupo profesional 3

Criterios xerais: traballadores/as que con ou sen responsabilidade de mando, realizan tarefas cun contido medio de actividade intelectual e de interrelación humano, nun marco de instrucións precisas de complexidade técnica media con autonomía dentro do proceso. Realizan funcións que supón a integración, coordinación e supervisión de tarefas homoxéneas, realizadas por un conxunto de colaboradores nun estadio organizativo menor.

Formación: titulación de grao medio, técnico especialista de segundo grao e/ou con experiencia dilatada no posto de traballo. Comprende, a título orientativo, as categorías que figuran no anexo a este documento.

Tarefas: todas aquelas actividades que por analoxía son asimilables ás seguintes:

1. Tarefas técnicas que consisten no exercicio do mando directo á fronte dun conxunto de operarios de oficio ou de procesos produtivos en instalacións principais.

2. Tarefas técnicas de codificación de programas de computador na linguaxe apropiada, verificando a súa correcta execución e documentándoos adecuadamente.

3. Tarefas técnicas que consistan na ordenación de taras e de posto de traballo dunha unidade completa de produción.

4. Actividades que impliquen a responsabilidade dunha quenda ou dunha unidade de produción que poidan ser secundadas por un ou varios traballadores do grupo profesional inferior.

5. Tarefas técnicas de inspección, supervisión ou xestión da rede de vendas.

6. Tarefas técnicas de dirección e supervisión na área de contabilidade, consistente en reuni-los elementos fornecidos polos axudantes confeccionar estados, balances, custos, provisións de tesourería, e outros traballos análogos en base ó plan contable da empresa.

7. Tarefas técnicas consistentes en contribuír ó desenvolvemento dun proxecto que redacta un técnico (enxeñeiro, aparelador, etc) aplicando a normalización, realizándolle cálculo de detalle, confeccionado planos a partir de datos facilitados por un mando superior.

8. Tarefas técnicas administrativas de organización ou de laboratorio de execución práctica que supón a supervisión segundo normas recibidas dun mando superior.

9. Tarefas técnicas administrativas ou de organización de xestión de compra de aprovisionamento de bens convencionais de pequena complexidade ou de aprovisionamento de bens complexos.

10. Tarefas técnicas de dirección de I+ D+ I de proxectos completos segundo instrucións facilitadas por un mando superior.

11. Tarefas técnicas, administrativas ou de organización que consisten no mantemento preventivo ou correctivo de sistemas robotizados que implican amplos coñecementos integrados de electrónica, hidráulica e lóxica pneumática, levando a responsabilidade de pronta intervención dentro do proceso produtivo.

12. Tarefas técnicas de toda clase de proxectos, reproducións ou detalles baixo a dirección dun mando superior, ordenando,

vixiando e dirixindo a execución práctica destas, podendo dirixir montaxes, levantar planos topográficos, etc.

13. Tarefas técnicas de xestión comercial con responsabilidade sobre un sector xeográfico delimitado e/ou unha gama específica de produtos.

Grupo profesional 4

Criterios xerais: aqueles/as traballadores/as que realizan traballos de execución autónoma que esixan habitualmente iniciativa e razoamento por parte dos traballadores/as encargados da súa execución, comportando, baixo supervisión a responsabilidade destes.

Formación: bacharelato, BUP ou equivalente ou técnicos especialista (módulos nivel 3) complementada con formación no posto de traballo ou coñecementos adquiridos no desempeño da profesión ou, na súa falta, coñecementos adquiridos no desempeño da profesión. Comprende a título orientativo as categorías que figuran no anexo a este documento.

Tarefas: todas aquelas actividades que por analoxía son asimilables ás seguintes:

1. Redacción de correspondencia comercial, cálculo de prezos á vista de ofertas recibidas, recepción e tramitación de pedidos e propostas de contestación.

2. Tarefas que consisten en establecer con base en documentos contables unha parte de contabilidade.

3. Tarefas de análises e determinacións de laboratorio realizadas baixo supervisión sen que sexa necesario sempre indicar normas e especificacións implicando preparación dos elementos necesarios, obtención de mostras e extensión de certificados e boletíns de análises.

4. Tarefas de delineación de proxectos sinxelos, levantamento de planos de conxunto e detalle, partindo de información recibida e realizando os tantos necesarios á vez que proporcionan as solucións requiridas.

5. Tarefas de I+ D+i de proxectos completos segundo instrucións.

6. Tarefas que supón a supervisión segundo normas xerais recibidas dun mando inmediato superior da execución práctica das tarefas no taller, laboratorio e oficina.

7. Tarefas de xestión de compra e aprovisionamento de bens convencionais de pequena complexidade ou de aprovisionamento de bens complexos sen autoridade sobre os mesmos.

8. Tarefas que consisten no mantemento preventivo e correctivo de sistemas robotizados que implican suficientes coñecementos integrados de electrónica, hidráulica, lóxica pneumática, levando a responsabilidade correspondente dentro do proceso produtivo.

9. Tarefas de codificación de programas de computador e instalación de paquetes informáticos baixo instrucións directas do analista da explotación da aplicación da informática.

10. Tarefas de venda e comercialización de produtos de complexidade e valor unitario.

11. Tarefas de tradución, corresponsalía, taquimecanografía e atención de comunicacións persoais con suficiente dominio dun idioma estranxeiro e alta confidencialidade.

12. Tarefas de regulación automática elixindo o programa adecuado, introducindo as variantes precisas en instalacións de produción, centralizados ou non, levando o control a través dos medios adecuados (terminais, microordenadores, etc...)

13. Exercer mando directo á fronte dun conxunto de operarios/as que realizan os labores auxiliares nas liñas principais de produción abastecemento e preparando materias, equipos, ferramentas, evacuacións, etc., realizando o control das máquinas e vehículos que se utilizan.



14. Exercer mando directo á fronte dun conxunto de operarios que reciben a produción, clasifícanos, almacenan e expédina, levando o control dos materiais, así como da utilización das máquinas-vehículos de que se dispón.

15. Exercer mando directo á fronte dun conxunto de operarios dentro dunha fase intermedia ou zona xeograficamente delimitada nunha liña do proceso de produción ou montaxe, coordinando e controlando as operacións inherentes ao proceso produtivo da fase correspondente, realizando o control da instalación e materiais que se utilizan.

16. Realizar inspeccións de toda clase de pezas, máquinas, estruturas, materiais e repostos, tanto durante o proceso como logo de terminadas na propia empresa, en base a planos, tolerancias, composicións, aspectos, normas e utilización con alto grao de decisión na aceptación, realizando informes onde se expón os resultados igualmente das recibidas do exterior.

17. Tarefas vinculadas a traballos específicos e/ou fábricas relativos á realización de traballos especiais, así como os que exercen mando directo en equipos de traballo concretos.

Grupo profesional 5

Criteria xerais: tarefas que se executan baixo dependencia de mando ou de profesionais de máis alta cualificación dentro do esquema de cada empresa, normalmente con supervisión, pero con coñecementos profesionais, cun período de adaptación.

Formación: coñecementos adquiridos no desempeño da súa profesión ou escolares sen titulación ou de técnicos auxiliar (módulos nivel 2) coa formación específica no posto de traballo ou coñecementos adquiridos no desempeño da súa profesión. Comprende a título orientativo as categorías que figuran no anexo a este documento.

Tarefas: todas aquelas actividades que por analoxía son equivalentes ás seguintes:

1. Tarefas administrativas desenvolvidas con utilización de aplicacións informáticas.

2. Tarefas elementais de cálculo de salarios, valoración de custos, funcións de cobranza e pagamento, etc, dependendo e executando directamente as ordes dun mando superior.

3. Tarefas de oficios industriais con capacitación suficiente para resolver tódolos requisitos do seu oficio ou responsabilidade.

4. Tarefas de control e regulación dos procesos de produción que xeran transformación do produto.

5. Tarefas de venda e comercialización de produtos de reducido valor unitario e/ou tan pouca complexidade que non requiran dunha especialización técnica distinta da propia demostración, comunicación de prezos e condicións de crédito e entrega, tramitación de pedidos, etc.

6. Tarefas de preparación de operacións en máquinas convencionais que leven o autocontrol do produto elaborado.

7. Tarefas de arquivo, rexistro, cálculo, facturación ou similares que requiran algún grao de iniciativa.

8. Tarefas de despacho de pedidos, revisión de mercancías e distribución con rexistro en libros ou mecánicas para o efecto de movemento diario.

9. Tarefas de lectura, anotación e control baixo instrucións detalladas dos procesos industriais ou a subministración de servizos xerais de fabricación.

10. Tarefas de mecanografía con boa presentación de traballo, ortografía correcta e velocidade adecuada, que poidan levar implícita a redacción de correspondencia segundo formato e instrucións específicas, podendo utilizar paquetes informáticos como procesadores de texto ou similares.

11. Tarefas elementais de delineación de debuxo, calcos ou litografías que outros prepararon, así como cálculos sinxelos.

12. Controla-la calidade da produción ou a montaxe, realizando inspeccións e reclasificacións visuais ou cos correspondentes aparellos decidindo sobre o rexeitamento con base en normas fixadas, reflectindo en partes ou a través de persoais os resultados da inspección.

13. Toma de datos de procesos de produción, referentes a temperaturas, humidades, duración de ciclos, porcentaxes de materias primas, desgastes de útiles, defectos, anormalidades, etc. reflectido en partes ou a través de persoais tódolos datos segundo código para o efecto.

14. Realizar agrupacións de datos, resumos, estatísticas, cadros, seguimento, histogramas, certificacións, etc., con datos fornecidos por outros que os tomasen directamente on base en normas xeralmente precisas.

15. Condución de vehículos ou maquinaria pesada para o transporte, arrastre ou suspensión no baleiro, etc. Aqueles que manexen elementos automotrices para os que sexa necesario carné de conducir de categoría especial ou autorización administrativa especial, para o desenvolvemento da tarefa de condución.

16. Exercer mando directo á fronte dun conxunto de operarios en traballo de carga e descarga, limpeza, acondicionamento, etc., xeralmente de tipo manual ou con máquinas, incluíndo procesos produtivos.

Grupo profesional 6

Criteria xerais: tarefas que se executan cun alto grao de dependencia, claramente establecidas, con instrucións específicas. Poden requirir preferentemente esforzo físico, con escasa formación ou coñecementos moi elementais e que ocasionalmente poden necesitar dun pequeno período de adaptación.

Formación: a dos niveis básicos obrigatorios e nalgún caso de iniciación para tarefas de oficina. Ensinanza secundaria obrigatoria (ESO) ou técnico auxiliar (modulo nivel 2) así como coñecementos adquiridos no desempeño da súa profesión.

Comprende a título orientativo as categorías que figuran no anexo a este documento.

Tarefas: todas aquelas actividades que por analoxía son equivalentes ás seguintes:

1. Actividades sinxelas, que esixan regulación e posta a punto ou manexo de cadros, indicadores e paneis non automáticos.

2. Tarefas de oficios industriais, de traballadores que se inician na práctica destes.

3. Tarefas elementais de laboratorio.

4. Tarefas de control de accesos a edificios e locais, sen requisitos especiais nin arma.

5. Tarefas de recepción que non esixan cualificación especial ou coñecementos de idiomas, telefonista e/ou recepcionista.

6. Traballos de reprografía en xeral. Reprodución e calado de planos.

7. Traballos sinxelos e rutineiros de mecanografía, arquivo, cálculo, facturación ou similares de administración.

8. Realización de análises sinxelas e rutineiros de fácil comprobación, funcións de toma e preparación de mostras para análises.

9. Tarefas de verificación consistentes na comprobación visual e/ou mediante patróns de medición directa xa establecidos da calidade dos compoñentes e elementos simples en procesos de montaxe e acabado de conxuntos e subconxuntos limitándose a indica-la súa adecuación ou inadecuación a devanditos patróns.

10. Traballos de vixilancia e regulación de máquinas estáticas en desprazamentos de materiais (cintas transportadoras e similares).

11. Realizar traballos en máquinas e ferramentas preparadas por outro con base en instrucións simples e/ou bosquejos sinxelos.

12. Tarefas de axuste de series de produtos, montaxe elemental de series de conxuntos elementais, verificado de ensamblaxe de produtos.

13. Tarefas de transporte e palatización realizadas con elementos mecánicos.

14. Tarefas de operación de equipos, télex ou facsímile.

15. Tarefas de gravación de datos en sistemas informáticos.

16. Condución de vehículos de manipulación ou transporte de materiais que non precisen para o desenvolvemento da función carné de conducir de categoría especial ou autorización administrativa especial.

Grupo profesional 7

Criterios xerais: traballadores/as que realicen tarefas segundo instrucións concretas, claramente establecidas cun alto grao de dependencia, que requiran preferentemente esforzo físico e/ou atención e que non necesitan de formación específico nin período de adaptación.

Formación: ensinanza secundaria obrigatoria (ESO) ou certificado de escolaridade ou equivalente.

Comprende a título orientativo as categorías que figuran no anexo a este documento.

Tarefas: todas aquelas actividades que por analogía son equiparables ás seguintes:

1. Tarefas manuais.
